



MARTES, 20 DE AGOSTO DE 2024 MARTES, 20 DE AGOSTO DE 2024 | BOP NÚMERO 159

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Aprobación do padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de agosto de 2023

Por Resolución da alcaldía, do 13 de agosto de 2024 núm. 962/2024, aprobouse o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de agosto de 2023, tal e como se transcribe a continuación:

« RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o informe da traballadora social, co conforme da coordinadora de Servizos Sociais e da concelleira da área de servizos sociais e recursos humanos e dilixencia da Intervención municipal de toma de razón na contabilidade logo da aprobación do decreto, de data 22 de xullo de 2024 (CVD: 7ClpGyDlkzu6JuY8zniB), relativo á aprobación do padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar de agosto de 2023

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,
RESOLVO:

Primeiro: Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de agosto de 2023. tendo en conta as horas prestadas no servizo de axuda no fogar no período, que comprende 114 recibos e 20 cotas cero dun total de 134 persoas usuarias e os importes correspondentes que deberán aboar cada unha das persoas usuarias en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de trece mil douscentos quince euros e vinte e catro céntimos (13.215,24 euros) desde Aguiar Lens Josefa a Vivero Vázquez Concepción.

Segundo: Expor ao público os datos incorporados aos padróns que se aproban, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación e da sede electrónica do Concello. Esta exposición, por prazo de quince días desde a correspondiente publicación, servirá de notificación colectiva a todos os contribuintes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Durante dito prazo, os padróns aprobados estarán a disposición do público nas oficinas do Departamento de Servizos Sociais sitas na rúa Río Barcés nº4 (A Barcala)

Terceiro: Establecer o período de cobramento en período voluntario, que abranguerá dende o 28/08/2024 ó 28/10/2024, ambos os dous incluídos. Transcurrido o meso procederáse a esixir os xuros de mora e os recargos que legalmente procedan e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema, de acordo co previsto nos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuren correctamente domiciliados faranse chegar ás respectivas entidades financeiras para que sexan cargados nas contas dos seus clientes nos dez primeiros días do periodo voluntario de pago

Cuarto: Dar conta da presente resolución á Intervención e á Tesourería municipal a través da plataforma TEDEC

Contra as liquidacións incorporadas aos padróns todas as persoas interesadas poderán interpoñer recursos de reposición ante esta concellería, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao remate da exposición ao público dos padróns. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, desde a notificación da resolución expresa, ou de seis meses desde que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.»

Cambre, a 13 de agosto de 2024.

A alcaldesa

María Dolores Pan Lesta